

OS ESCRITORES ASOCIANSE

Para os que é lingua exclusiva o galego na escrita e publicación da súa obra e **"esten dispostos a defender e a manter coa súa práctica o dereito á oficialidade da lingua galega a todos os niveis desde a escola até os meios de comunicación social"**

ven de se presentar a Asociación de Escritores en Língua Galega. A AELG anda preocupada pola profesionalización do escritor dentro dunha sociedade e cultura normalizadas, pola cooperación e solidariedade entre os mesmos e máis as relacións cos de outros países, singularmente da área cultural luso-brasileira. Nos seus estatutos a AELG proclama, asemade, que "en canto asociación corporativa ou profesional integrada no contex-

to cultural do País, dispónse apoiar, na súa medida, toda manifestación cultural galega progresista".

Nas orixes do que é hoxe a recién creada AELG está a tentativa de formación, no ano 77, do "Pen Club galego", ligado ao "Pen Club internacional". En palabras dos representantes da directiva da AELG, na roda de prensa da súa presentación, **"Foi unha sorte que non fora adiante"** quizais referíndose a que o "Pen" trátase dunha organización con preocupación cáseque administrativa polo seus membros como lle cumpre as democracias formais, e entendendo o oficio de escritor no marco das liberdades desas mesmas democracias, cousa difícil de parangonar coa

situación presente en Galicia.

A principios deste ano, e xa de xeito autóctono, reiniciáronse reunións, consituiuse unha assemblea autoconvocada cunha trintena de asistentes, fixéronse e remesáronse os Estatutos para seren legalizados e hoxe, con 100 sócios, unha cuota de 250 pesetas e a perspectiva de editar un boletín, a AELG instalouse, provisionalmente, no Museo do Pobo Galego. Entre os seus proxectos (aparte de intentar involucrar aos profesionais dos medios de comunicación e aos propios medios no respecto ao idioma orixinal no que reciban o material informativo), está o de promover encontros de escritores, contar cun axente editorial, etc. etc.